



ACTA DA MESA SECTORIAL EXTRAORDINARIA DO 26 DE ABRIL DE 2019

Asistentes:

Pola Administración:

Jesús Vázquez Almuíña.- Conselleiro de Sanidade.
Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.- Xerente do Servizo Galego de Saúde.
Jorge Aboal Viñas.- Director xeral de Asistencia Sanitaria.
Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
M^a Jesús Rúa Moure.- Subdirectora xeral de Selección e Políticas de Persoal.
M^a José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.
María José Ríos Carro.- Xefa de servizo de Selección Fixa e Provisión.
Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Relacións Laborais.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Víctor Vila López (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Emilio Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Antonio R. Barca Romero (CESM-O'MEGA)
Roberto Celi Alzamora (CESM-OMEGA)
Secundino Barreiro Balseiros (CESM-OMEGA)
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
Beatriz García García (CCOO)
Javier González Castro (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
José Luis Ferreiroa Sánchez (UGT)
Xosé M^a Dios Diz (UGT)
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Manuel Da Costa Moure (CSI-F)
Carlos Castro Rivas (CSI-F)
Carmen García Rivas (SATSE)
Pilar Oviedo González (SATSE)
María Teresa Joaquín Suárez (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 10:30 h. Hora de remate: 14:00 h.

Asistentes: Os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

1.- Resolucións de convocatorias da oferta de emprego público en atención primaria: médica/o de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, odontóloga/o de atención primaria, e enfermeira/o especialista na especialidade de enfermaría familiar e comunitaria. (Punto 1 do Acordo do 8 de abril de 2019).

Resolucións de convocatorias da oferta de emprego público nas categorías de enfermeira/o especialista nas especialidades de enfermaría pediátrica, enfermaría obstétrico-xinecolóxica, enfermaría de saúde mental e enfermaría do traballo, fisioterapeuta e técnica/o en coidados auxiliares de enfermaría.

2.- Alegacións ao borrador da Orde pola que se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria. (Punto 2 do Acordo do 8 de abril de 2019).

3.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada. (Punto 3 do Acordo do 8 de abril de 2019).

4.- Concreción da data de nova mesa sectorial extraordinaria para continuar coa negociación dos restantes aspectos dos Acordos do 8 de abril de 2019.

5.- Rogos e preguntas.

Con carácter previo, abre a reunión o conselleiro de Sanidade quen, dunha banda, agradécelles ás organizacións sindicais o seu esforzo en aras de resolver os conflitos na atención primaria, plasmado no acordo de desconvocatoria da folga asinado e, da outra, exprésalles o compromiso da Xunta de Galicia de que as medidas derivadas dese acordo irán acompañadas dun incremento do programa de gasto da atención primaria á saúde.

Proba diso é que a Xunta, a través dun suplemento de crédito aos orzamentos vixentes (aprobado onte no Consello da Xunta) vai destinar 16 millóns de euros xa neste ano 2019 a reforzar o gasto de funcionamento do Servizo Galego de Saúde, especialmente en atención primaria, con actuacións como o aumento de prazas de persoal ou a mellora das dotacións de equipamento dos centros, xunto cun plan de construción, ampliacións e melloras de 19 centros de atención primaria.

En concreto, 3 millóns de euros irán destinados ao capítulo I do orzamento do Sergas, o que permitirá xa neste ano 2019 incrementar de forma estable persoal naqueles centros de saúde que requiran accións inmediatas.

As medidas de mellora para aplicar no período 2019-2021 serán asemade aprobadas nun Consello da Xunta de Galicia.

Todas as OOSS agradecen a presenza e o compromiso manifestado polo conselleiro, expresando cadansúas valoracións sobre a cuestión de referencia.

Así, e reflectíndoas de xeito resumido: CIG cita as causas que ao seu xuízo levaron a esta problemática indicando que, unha vez recoñecida, procede agora traballar de boa fe para acadar



solucións, para, a partir de aí, establecer prazos e datas de implantación das medidas que se acorden. CESM e O'MEGA emiten a súa diagnose dunha situación que orixinou tanto a saída de profesionais do Sergas como a dificultade para incorporar profesionais doutros servizos de saúde (especialmente médicos de familia), pedindo un orzamento exclusivo para atención primaria. CCOO reclama que se recuperen as dotacións orzamentarias e aspectos de planificación da atención primaria previos á crise, cun gran acordo que inclúa todas as categorías. UGT solicita que as cuestións de negociación colectiva se traten sempre coas OOS, incluíndo as dotacións económicas e os investimentos de medios materiais e humanos necesarios, ao tempo que se implanten e desenvolvan medidas xa acordadas. CSIF, como outros intervenientes, solicita medidas a curto, medio e longo prazo a nivel de investimentos, dotación de prazas, recuperación retributiva, estabilización de profesionais, etc. SATSE amósase expectante tras a intervención do conselleiro e ante a negociación do novo modelo de atención primaria (no que se teñen que abordar melloras no reparto de cotas, a cota enfermeira, a asignación de pacientes crónicos, etc.), no que debe primar o seu tratamento na Mesa Sectorial fronte a calquera outro foro.

O conselleiro de Sanidade avoga por poñer en valor medidas xa adoptadas na sanidade pública galega, cuxo orzamento actual é o maior de toda a historia da Xunta, mencionado a ampliación da idade de xubilación e outros avances como o Plan de estabilidade, a carreira profesional, a creación da categoría de enfermeiro/a especialista (sobre o cal se lle fixo ao Ministerio unha proposta de acceso extraordinario á especialidade), o incremento de prazas de persoal residente en formación, o nomeamento de estabilidade, etcétera. Na atención primaria é necesario mellorar o traballo en equipo e a súa relación coa atención hospitalaria, tal como suxiren os profesionais e a propia cidadanía; sendo imprescindible a implicación de todos para poder chegar a acordos.

A continuación abórdanse os puntos recollidos na orde do día:

1.- Resolucións de convocatorias da oferta de emprego público en atención primaria: médica/o de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, odontóloga/o de atención primaria, e enfermeira/o especialista na especialidade de enfermaría familiar e comunitaria. (Punto 1 do Acordo do 8 de abril de 2019).

Resolucións de convocatorias da oferta de emprego público nas categorías de enfermeira/o especialista nas especialidades de enfermaría pediátrica, enfermaría obstétrico-



xinecolóxica, enfermaría de saúde mental e enfermaría do traballo, fisioterapeuta e técnica/o en coidados auxiliares de enfermaría

A directora xeral de Recursos Humanos expón que este punto constitúe unha das medidas máis demandadas polas OOS e que a comunidade autónoma non ten competencia para eliminar a taxa de reposición, mais si para facer a mellor oferta posible dentro dela. Así, procederase á convocatoria inmediata de procesos selectivos para a cobertura das seguintes prazas:

- Médico/a de familia: 254 prazas.
- Pediatra de atención primaria: 93 prazas.
- Odontólogo/a de atención primaria: 7 prazas.
- Enfermeira/o especialista en enfermaría familiar e comunitaria: 30 prazas.
- Enfermeira/o especialista en pediatría: 18 prazas.

Estas prazas, coas 126 recentemente ofertadas para PSX (DOG do 8 de abril), fan un total de 528. Igualmente procederase á convocatoria de procesos selectivos para as seguintes categorías:

- Enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona): 89 prazas.
- Enfermeiro/a especialista en saúde mental: 30 prazas.
- Enfermeiro/a especialista do traballo: 2 prazas.
- Fisioterapeuta: 71 prazas.
- TCAE: 772 prazas.

Desta forma serán convocadas un total de 1.492 prazas.

Por outra banda, nos baremos introducíronse novidades como a puntuación específica por prestación de servizos en hospitais comarcais, ou en atención ao illamento característicos de centros de saúde de determinados concellos, co obxecto de fomentar a súa cobertura; a puntuación adicional das especialidades de enfermaría vía residencia; o fomento da puntuación do exercicio das titorías de residentes e, consonte á modificación da Lei de Saúde, respecto ao persoal licenciado sanitario quedan eximidos do requisito da nacionalidade os profesionais extracomunitarios que teñan residencia legal en España e o título de especialista homologado.

A subdirectora xeral de Selección e Políticas de Persoal expón que nas categorías de persoal



médico de familia, odontólogo e pediatra de atención primaria, enfermeiro especialista (obstétrico-xinecolóxica, saúde mental, traballo, familiar e comunitaria e pediátrica), fisioterapeuta e TCAE remitíronse os borradores para alegacións no seo da Comisión Técnica de OPE; estimándose as seguintes:

En persoal odontólogo e pediatra de atención primaria incrementouse a porcentaxe de prazas reservadas a promoción interna ata o 50%. En enfermeiro/a especialista inclúese a valoración dos premios de ámbito autonómico e local con 0,10 puntos e modifícase a puntuación dos premios de ámbito nacional con 0,15; no apartado de docencia de formación sanitaria especializada inclúese xunto ao xefe/a de estudos o presidente/a da Subcomisión de enfermería de formación sanitaria especializada. En fisioterapeuta modifícanse os temas 25, 27 e 36 dos temarios; e no apartado doutras titulacións do baremo elimínase a referencia ás especialidades de enfermaría. Finalmente, en TCAE, dentro da quenda de discapacidade intelectual incorpórase a valoración dos servizos na mesma categoría noutra Administración e noutra categoría nunha Administración pública. Nas restantes quendas inclúese a valoración dos cursos de igualdade e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

Dentro das valoracións sindicais, CIG pide que os cambios dos baremos se implanten nos períodos nos que non haxa unha convocatoria inmediata (para dar unha marxe de adaptación dos aspirantes) e que se aumente a duración dos exames dos subgrupos A1 e A2; petición á que se suman CESM-O'MEGA; CCOO solicita que se fale de emprego en sentido amplo, non só da OPE; e UGT solicita un cronograma da OPE.

A Administración acepta que os cambios se adapten con antelación e responde que o tempo dos exames foi suficiente na inmensa maioría dos casos. No entanto, reiteraráselle aos tribunais a recomendación de non alongar as preguntas e os enunciados das respostas. Abordaranse máis polo miúdo cuestións de emprego público no punto cuarto da orde do día. E o calendario previsto é este:

- Categorías cuxos aspirantes realizaron os exercicios no pasado mes de novembro de 2018: médico/a de familia, enxeñeiro/a técnico/a, técnico/a superior en documentación sanitaria, grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa.- No mes de maio publicarase a resolución coas puntuacións provisionais da fase de concurso. As tomas de posesión serán despois do verán.



- Celadores/as (exercicios realizados os pasados 9 e 10 de marzo): En maio publicarase a resolución coas puntuacións provisionais da fase de oposición.
- Previsión de exercicios das próximas convocatorias: Enfermeira/o especialista (familiar e comunitaria, pediatría, traballo, saúde mental e obstétrico-xinecolóxica) e fisioterapeuta: novembro ou decembro de 2019. Médico/a de familia, pediatra e odontólogo/a de atención primaria, PSX (xa convocada o 8 de abril) e TCAE: exames no primeiro trimestre de 2020.

Coas especificacións indicadas, apróbase este punto da orde do día.

2.- Alegacións ao borrador da Orde pola que se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria. (Punto 2 do Acordo do 8 de abril de 2019)

O xerente do Servizo Galego de Saúde indica que só se recibiron alegacións escritas de CIG e CSIF, a quen se lles dá a palabra xunto co resto de organizacións:

CIG incide no carácter técnico (non soamente asesor), multidisciplinar e operativo do consello, polo que fai fincapé en que se adapte a terminoloxía da orde á acta do 8 de abril e que na súa composición se reflectan todos os colectivos, asociacións e entes profesionais implicados (no sentido descrito nas alegacións), engadindo unha comisión de seguimento; considera difícil, á vista dos prazos de tramitación da orde, cumprir cunha constitución e funcionamento o máis axiña posible. CESM-O'MEGA postulan incluír unha representación dos consellos de psicólogos e odontólogos e tamén do persoal de PAC, así como que se concreten datas. CCOO solicita que formen parte deste órgano tanto as organizacións sindicais máis representativas a nivel xeral nos termos da LOLS, como aquelas con representación na mesa sectorial; tamén debe incluírse o maior número posible de categorías. UGT avoga por que no conxunto do articulado se substitúa o termo “asesorar” por “propoñer” e que se permita unha certa marxe de auto-regulación na composición do consello. CSIF pide que se destaque o seu carácter multidisciplinar e operativo, engadíndolle funcións relacionadas sobre necesidades de recursos humanos na atención primaria. SATSE solicita que se poidan crear subgrupos para dar cabida ao maior número de colectivos enfermeiros, incluíndo os especialistas.



O xerente do Sergas responde as diversas cuestións: no plano das funcións, a redacción é aberta para recoller a posibilidade de presentar propostas de mellora. En canto á composición do consello, poden solicitar a súa participación numerosas asociacións e entidades, participación que logo se canalizará no regulamento de funcionamento interno que se acorde nel, posibilitando así a constitución de comisións sectoriais en aras da súa operatividade.

Acórdase que, con independencia de cando se publique a orde -que continúa a súa tramitación- o consello se constitúa o 14 de maio de 2019. Co fin de facilitar a asistencia das persoas convocadas, a sesión constitutiva terá lugar en horario de tarde.

3.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada (Punto 3 do Acordo do 8 de abril de 2019)

A directora xeral de Recursos Humanos dá conta á Mesa Sectorial dos aspectos tratados na reunión do pasado 23 de abril co comité de folga, onde foi presentada e debatida unha nova proposta mellorada da Administración (remitida asemade ás OOSS da mesa) e que tras un longo debate o comité comunicou a súa intención de sometela á votación dos profesionais en asembleas; sen que conste que o persoal afectado se teña pronunciado aínda.

A Administración manifesta o mantemento da proposta presentada nos seus diferentes puntos (indemnización por manutención, dotación de equipos de protección individual aos profesionais dos PAC, indicador de derivación hospitalaria recollido nos ADXs, liquidación de xornada complementaria, dotación de persoal/equipos completos e complementos de nocturnidade e festividade), concluíndo que segue aberta á resolución do conflito, reiterándolle unha vez máis ás OOSS que teñan igualmente unha actitude participativa co obxectivo de acadar unha solución.

No amplo debate sostido, as OOSS fan fincapé nos aspectos que continúan a ser controvertidos: a liquidación e cómputo da xornada, a aplicación da neutralidade sobre o exceso de xornada e os complementos de nocturnidade e festividade. Nomeadamente, respecto deste último desexan saber cal é a marxe de mellora dispoñible, por entenderen que coñecelo con antelación podería facilitar o posicionamento do persoal en folga.

Ademais e ao fío do superávit que orixinou o suplemento de crédito para o capítulo I indicado polo conselleiro ao comezo da reunión, desexan saber se permitiría facer efectiva unha parte dos devanditos complementos. O xerente do Sergas expón que, por imperativo da lexislación orzamentaria, o dito superávit permite incrementar os gastos de capital dotados para o exercicio inmediato seguinte, non os gastos correntes do capítulo I; por esa razón e de xeito excepcional conseguíuse que a Consellería de Facenda autorizase unha partida para dotación de prazas do organismo, que porén non é posible asignar no concepto de retribucións.

A directora xeral de Recursos Humanos, a xeito de conclusión e na procura de que finalice o conflito, indica que o Sergas está en condicións de realizar hoxe unha derradeira proposta (na mesma liña e con idéntico límite ao que se chegou no acordo de carreira profesional), mellorando o punto 7 da realizada ao comité de folga e ofrecendo neste intre na Mesa Sectorial que o incremento dos complementos de nocturnidade e festividade se distribúan nunha porcentaxe do 60% no ano 2020 e do 40% no ano 2021. O que suporía a percepción do 100% da contía a partir do 2021. Fóra disto e dalgún floco como a revisión dos plans funcionais, a Administración non dispón de máis marxe orzamentaria.

Con esta última proposta, as OOSS agardan os pronunciamentos dos profesionais dos PAC.

4.- Concreción da data de nova mesa sectorial extraordinaria para continuar coa negociación dos restantes aspectos dos Acordos do 8 de abril de 2019

Por proposta da Administración, acórdase celebrar unha nova reunión da Mesa Sectorial o vindeiro 3 de maio, para continuar coa negociación dos restantes aspectos dos Acordos do 8 de abril de 2019, entre eles a dotación de prazas (2019-2021) e melloras ao nomeamento de continuidade.

Acórdase así mesmo que, previamente, o 2 de maio se reúna a Comisión de seguimento do acordo do nomeamento eventual de continuidade, coa finalidade de debater e analizar posibles melloras.

5.- Rogos e preguntas



CIG demanda que se convoque unha Mesa Sectorial ordinaria, así como a Comisión de especialidades de enfermaría para continuar coa implantación doutras especialidades. Tamén fai unha pregunta en relación á liquidación das vacacións e días de libre disposición do persoal que se xubila, por entender que os días adicionais por antigüidade están consolidados. A Administración revisarao coas EOXI.

CESM-O'MEGA interésanse pola dotación de prazas de farmacéutico/a de atención primaria e polos permisos para exercer o dereito ao voto nas eleccións deste 28 de abril. A Administración responde que ao colectivo farmacéutico daráselle unha solución uniforme cando as circunstancias o permitan, prevéndose en principio unha categoría única para os dous ámbitos asistenciais.

SATSE tamén reclama sesións ordinarias da mesa, co fin de tratar asuntos pendentes e outros de interese para este sindicato, como a posible recuperación dos días de libre disposición ou a actualización das ferramentas informáticas de enfermaría. A Administración indica que no mes de maio volverase convocar a mesa, malia que o primeiro tema proposto é competencia da Administración autonómica, non do Sergas, salientando ademais o importante esforzo realizado por aquela coa recuperación do complemento da IT; e en canto aos aplicativos informáticos, o xerente do Sergas indica que o seu desenvolvemento estase a unificar e orienta cara ao modelo IANUS.

Logo de tratar os asuntos recollidos na acta, péchase a reunión ás 14:00 horas.